

## **FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA. CURSO 2024/25**

A biblioteca do CPR Plurilingüe Padre Feijoo-Zorelle está situada no 5º andar do edificio e ofrece un servizo de consulta de fondos en sala e de préstamo a domicilio.

### **Consulta en sala**

Este servizo proporciona o material bibliográfico para a súa consulta na propia biblioteca. Trátase de material de referencia que, pola súa tipoloxía ou frecuencia de uso, está restrinxidos ás instalacións do centro. Este material está marcado cun punto vermello.

### **Préstamo externo**

O servizo de préstamo externo permite aos usuarios retirar fondos bibliográficos dispoñibles na biblioteca durante un tempo establecido.

### **Quen pode utilizar este servizo?**

Poden facer uso do servizo da biblioteca o profesorado e o alumnado matriculado no centro. Basta con achegarse ao mostrador e o persoal encargado dará de alta ao alumnado/profesorado interesado.

### **Como funciona o proceso de préstamo? Por canto tempo se pode levar o material prestado?**

Para retirar material en préstamo, só terá que dar o seu nome ou o seu número de usuario ao persoal encargado. O empréstimo faise por un período máximo de 15 días. Pódese levar prestado un máximo de dous exemplares agás o que está marcado cun punto vermello, que está dispoñible só para préstamo en sala.

### **Que pasa se me retraso na devolución?**

Aos usuarios que devolvan exemplares fóra de prazo restrinxiránelles os préstamos por un total de tantos días como os que se retivo o material indebidamente. Os usuarios que non devolvan o material prestado terán prohibido levar outro préstamo mentres non restituán o que non devolveron. En caso de perda ou estrago de material da biblioteca, deberase comprar un exemplar novo ou de similares características.

### **Pódese renovar un préstamo?**

Os préstamos pódense renovar unha vez por outros 15 días, sempre que o exemplar non estea reservado anteriormente por outro lector que está esperando por el. Para facelo, dirixete ao persoal encargado da biblioteca.

### **Pódese reservar un exemplar?**

Para reservar un exemplar do seu interese, dirixete ao persoal encargado da biblioteca.

### **Suxestións**

Se non dispoñemos do material que buscas, podes suxerir a súa adquisición enchendo o formulario dispoñible [no blog da biblioteca](#).